

UGT EMPRAZA Á CEOE A QUE DEA DÍA E HORA PARA RENOVAR AS NEGOCIACIÓNS DUN ACORDO SALARIAL XERAL

Redacción.- Pepe Álvarez reclamou á CEOE renovar canto antes a negociación do AENC para evitar unha espiral de conflitos e puxo de manifesto a necesidade de fortalecer os salarios e a negociación colectiva como elemento imprescindible para a recuperación da economía

O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, ofreceu este mércores un encontro informativo de inicio de curso para analizar a situación económica, política e social e abordar os retos que haberá que afrontar nos próximos meses, o principal, “unha inflación disparada e absolutamente fóra de control (que alcanzou o 10,8% en xullo) provocada pola crise global de subministracións, a guerra en Ucraína e as tensións nas materias primas”.

Pepe Álvarez manifestou que “o prezo da electricidade, o gas e outros combustibles aumentaron na eurozona un 46,5% en xullo con respecto ao ano anterior, pero a alza de prezos estendeuse a outros moitos produtos básicos porque as empresas trasladaron estes aumentos ao prezo final dos produtos mantendo, e mesmo incrementando, as súas marxes de beneficio”.

“A pesar de que o Goberno tomou medidas para atallar esta situación, a capacidade adquisitiva das persoas traballadoras segue baixando mentres que as empresas enerxéticas españolas gañaron un 155% máis durante o primeiro trimestre do ano ou a banca, que, con beneficios acumulados de 3.789 millóns, un 36% máis que o ano pasado”, explicou .

“Por iso é a hora de subir uns salarios, -especialmente o SMI-, que están a crecer en torno ao 2,6%, -moi por baixo da inflación media-, sinalou, “este é un obxectivo fundamental para o sindicato e, con todo, e a pesar de que mantivemos unha postura moi flexible na negociación do AENC, a patronal optou por abandonar a mesa, unha resistencia para ac-



tualizar os salarios que nos vai a levar a convocar mobilizacións no outono”.

Álvarez subliñou, ademais que “é necesario profundar na implementación dos fondos europeos e que, a pesar de que a reforma laboral está a dar os seus froitos, reducindo a temporalidade e convertendo o contrato indefinido no predominante, é necesario tomar medidas como o aumento dos recursos da Inspección de Traballo para obrigar ás empresas a cumprir coa lexislación laboral e centrarnos en buscar solucións ao problema do paro estrutural”.

É fundamental crear un fondo de rescate ás familias fronte á subida dos tipos de xuro

Pepe Álvarez destacou que “é fundamental crear un fondo de rescate para as familias fronte á subida dos tipos de xuro e evitar un novo auxe da pobreza e a exclusión social, empezar a debater sobre un novo Estatuto dos Traballadores con cambios importantes, por exemplo, en materia de despedimento, ou actualizar unha lexislación en materia de saúde laboral que, actualmente, ten moitas carencias”.

O secretario xeral de UGT manifestou

tamén que “os novos Presupostos Xerais do Estado deben seguir sendo expansivos e manter o seu carácter social, baseándose no aumento de medidas de protección social ou a mellora dos servizos públicos e que o aumento do gasto en defensa, necesario tras a nova situación europea, salga dun pacto social e de novos impostos sen interferir en servizos esenciais como a sanidade ou a educación, e que axude a potenciar a industria en España”.

“Así mesmo, é esencial acometer dunha vez por todas unha reforma do sistema fiscal porque o noso país recada pouco, de maneira pouco xusta e non é posible mellorar sen recursos financeiros adecuados. Unha reforma fiscal é clave para a reconstrución e España ten marxe para aumentar ingresos por impostos e cotizacións ou a través da loita contra a fraude fiscal”.

“En definitiva”, finalizou, “é primordial transitar cara un modelo que fortaleza os salarios e a negociación colectiva, así como manter a senda iniciada coa reforma laboral e afrontar cuestións como a reindustrialización, a dixitalización, a transición ecolóxica, a igualdade de xénero e LGTBI ou a España baleirada. Facer políticas para as persoas, avanzar en dereitos e non deixar a ninguén atrás”.

O Sindicato denuncia adxudicacións de interinidades e substitucións tardías e dubida que estean ao comezo todas as prazas cubertas. UGT xa denunciou que co cambio de calendario tamén se buscaba escatimar días aos interinos

UGT ENSINO CUALIFICA O INICIO DE CURSO COMO CAÓTICO, MARCADO POLA SUPRESIÓN DE RECURSOS E FALTA DE INFORMACIÓN, COORDINACIÓN E LEXISLACIÓN POR PARTE DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

Aínda están sen publicar decretos de currículo, a pesar de estar aprobados polo Consello Escolar dende maio, o que dificulta a programación das clases

Redacción.- UGT Servizos Públicos Ensino cualifica como caótico o inicio do curso que arracou este xoves, por primeira vez, conxuntamente en infantil, primaria e secundaria. As dificultades para este curso 2022-2023 viñeron dadas, primeiro, polos recortes nos recursos humanos, sen profesores suficientes para atender as necesidades do alumnado, con menos aulas e máis rateo.

Chamamentos sen facer e claustros incompletos

Co arranque do curso en Galicia, hai chamamentos sen facer, o que se traduce en claustros incompletos, o que, evidentemente, fixo moi difícil que o día 1 de setembro se puidese organizar o curso con todos os recursos dende os equipos directivos dos centros, que xa nestas datas teñen unha sobrecarga burocrática engadida á propia planificación académica dos cursos.

Decretos de currículo sen publicar, aínda que están aprobados polo Consello Escolar dende maio

UGT Ensino tamén denuncia que hai decretos de currículo sen publicar, a pesar de que xa están aprobados polo Consello

Escolar dende o mes de maio. O Sindicato lémbrale á Xunta que os docentes precisan dun proxecto de currículo para poder programar as súas clases e considera que Educación tivo tempo suficiente para publicar estes documentos antes do comezo do curso.

Adxudicacións de interinidades e substitucións tardías

A todo isto súmanselle adxudicacións de interinidades e substitucións tardías. Por unha banda, están os docentes que sempre obtiñan interinidades no Concurso para a Adxudicación de Destínos Provisionais e que se atopan actualmente na rúa, sen destino. Por outro lado, están os que teñen que cubrir prazas doutros docentes dende o día 1 de setembro e que a Consellería de Educación a día de hoxe aínda non adxudicou.

Aforro escatimando días aos interinos

UGT pregúntase a que agardan e manifesta as súas dúbidas sobre a cobertura total de prazas a tempo. Ao respecto, pre-



gúntase se será un tema de aforro económico por parte da Xunta. De feito, UGT Servizos Públicos xa denunciou no seu momento, cando se fixo público o cambio de calendario, que os motivos das modificacións eran, en gran medida económicos, buscando escatimar días aos interinos.

Centros aínda en obras

Tamén hai que denunciar que hai centros educativos en obras, o que impide a concentración necesaria para a organización do inicio de curso. Hai dous meses para realizar as obras e sempre teñen que esperar ao inicio de curso para facelas, incluso seguen co comezo das clases. UGT pregúntase cando se vai cambiar o xeito de proceder para deixar que os docentes poidan traballar con condicións dignas.

ARRANCAN AS MOBILIZACIÓNS CONTRA A DESLOCALIZACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO CLIENTE DE NATURGY DA CORUÑA A COLOMBIA

Redacción.- Os traballadores e traballadoras de Teleperformance, adxudicataria do servizo de atención telefónica de Naturgy, na Coruña iniciaron un calendario de mobilizacións para denunciar a deslocalización deste servizo a Colombia.

A partir de agora, a atención en galego non está garantida, xa que queda un número mínimo de empregados que atenderán dende Coruña, e outro dos problemas é o descoñecemento da realidade de Galicia que poidan ter os traballadores e traballadoras de Colombia á hora de atender aos clientes e entender as súas explicacións. Uns cen empregos serán traslada-

dos ao país sudamericano e só quedarán 20 na Coruña.

Este luns FeSMC, xunto con outros sindicatos, convocou unha mobilización na Praza de Pontevedra e tres horas de paros parciais.

Xa o xoves a mobilización trasladouse a primeira hora da mañá á Praza de María Plta, xa que no Concello herculino debatiuse unha moción sobre esta problemática.



UGT xa ven reclamando dende hai anos chalecos anticorte para os vixiantes deste centro

AGREDIDOS DOUS VIXIANTES DE SEGURIDADE DO HULA

Redacción.- FeSMC-UGT informa que dous vixiantes de seguridade do HULA foron agredidos. Desde UGT vimos denunciando e reclamando os chalecos anticorte para os vixiantes deste centro desde hai anos, cando un vixiante sufriu varias feridas por arma branca que o inhabilitaron para exercer as súas funcións durante máis de 18 meses.

Non hai semana na que os servizos sanitarios non requiran a presenza do persoal de seguridade, sobre todo en urxencias e a unidade de psiquiatría. En ocasións, os vixiantes sofren agresións verbais pero outras veces estas son físicas, como sucedeu neste caso.

Dous vixiantes de seguridade foron agredidos cando compareceron na uni-

dade de psiquiatría requiridos polo persoal sanitario para inmovilizar a un paciente que se atopaba fóra de control. O doente golpeou con mobiliario da habitación un cristal laminado e cun anaco dese cristal feriu ao vixiante nun costado, polo cal tivo que recorrer a unha baixa. O outro vixiante sufriu feridas nun ollo ao saltarlle unha esquirra do cristal.

Hai uns meses, UGT púxose en contacto coa empresa adxudicataria do servizo, Salzillo seguridade, para lembrarlle que debe facer entrega dos chalecos anticorte a cada un dos vixiantes que presta os seus servizos no HULA.

A empresa négase a facilitar os chalecos anticorte ata que unha

sentenza os obrigue

A resposta que se obtivo por parte da empresa foi que ese tema está xudicializado e que non fará entrega dos mesmos mentres non haxa unha sentenza que os obrigue.

Desde UGT non damos crédito a que unha empresa deste sector, que vela pola seguridade dos usuarios e profesionais dun centro hospitalario, obrigue aos traballadores a estar desprotexidos sen os EPIS necesarios para o cumprimento das súas funcións e así poder garantir a seguridade de todos.

Actualmente, o contrato de seguridade do HULA coa empresa Salzillo atópase en prórroga, pendente de que salga a licitación.

OS TRABALLADORES DE VITRASA RETOMAN AS MOBILIZACIÓNS

A empresa pretende negociar un convenio á baixa e incrementar as horas de traballo

Redacción.- Os traballadores de Vitrasa concentraranse hoxe pola mañá fronte ás instalacións da compañía contra as instancias da empresa de retomar as negociacións do convenio á baixa e incrementar as horas de traballo anuais.

A día de hoxe os traballadores xa soportan unha perda de poder adquisitivo dun 13%, cunha conxelación salarial dende o ano 2020.

Hai que lembrar que a concesionaria do transporte de Vigo xa pretendeu impoñer a inaplicación do convenio, cunha redución salarial do 30% e tamén a ampliación da xornada. Pretensión que tiveron que abandonar por un laudo arbitral contundente en

contra.

Paralelamente, a empresa mantén un contencioso co Concello, ao que reclama 14 millóns de euros para compensar as perdas derivadas da pandemia.

Tras o laudo arbitral, o comité solicitou reanudar a negociación do convenio colectivo da empresa, que leva caducado dende finais de 2020, pero os sindicatos denunciaron que na única reunión mantida coa empresa esta reitera a súa intención de reducir salarios.



Por outra banda, os representantes dos traballadores lamentaron a "inacción" do Concello, que prefire ver parados os autobuses antes que mediar no conflito.

OS TRABALLADORES DO COMERCIO DO METAL DE PONTEVEDRA RECLAMAN O DESBLOQUEO DO CONVENIO

Redacción.- Traballadores do sector do comercio do metal da provincia de Pontevedra retomaron este martes as mobilizacións para reclamar o desbloqueo das negociacións do convenio e rexeitar a proposta da patronal.

Nesta ocasión, os traballadores desenvolveron unha concentración diante da sede da Confederación de Empresarios de Vigo o martes. Consideran "miserable" a última proposta de convenio achegada polo empresario: vixencia do convenio desde 2020 a

2023, sen incremento salarial nos dous primeiros anos; para 2022 ofrecen un 6,5% (desde xaneiro e sen revisión salarial) e para 2023 a subida sería do 3% "con revisión salarial topada nun 4%".

A proposta non contempla redución de xornada anual nin outras melloras das condicións laborais.



OS TRABALLADORES DE ALSA PROTESTAN EN FERROL POLAS SÚAS CONDICIÓN LABORAIS

Redacción.- Este xoves, os traballadores de Alsa, convocados por FeSMC, protagonizaron un acto informativo, co reparto de octavillas onde se lles explicaba aos usuarios deste servizo de transporte os seus problemas laborais.

Denuncian o despedimento inxustificado de traballadores que se atopaban de baixa, o incumprimento do contrato coa Consellería de Mobilidade ou que os condutores realicen servizos para os que non foron subrogados.



AVANCE HISTÓRICO PARA AS TRABALLADORAS DO FOGAR

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores valora positivamente que o borrador do Goberno inclúa ás traballadoras do fogar na Lei de Prevención de riscos laborais e no FOGASA, así como o establecemento da cotización e prestación por desemprego, e espera que, agora si, o Goberno se decida a abrir o diálogo social cos interlocutores sociais nesta materia.

UGT valora positivamente o avance que supón acabar coa evidente discriminación por razón de sexo que supoñía a exclusión das traballadoras do fogar da Lei de Prevención de Riscos Laborais, así como da cotización e protección por desemprego e do FOGASA. Pero lembra que os avances que supuxo a normativa xa en vigor foron o resultado do diálogo social. Por iso, espera que o Goberno, unha vez aprobado o texto en Consello de Ministros, aborde cos interlocutores sociais o contido dun borrador, que a pesar de ser positivo, é insuficiente.

UGT cre que a figura do despedimento desaparece só na forma, non no fondo, aínda que valora o efecto positivo que terá denominalo despedimento para evitar a inaplicación da nulidade nos casos de despedimentos de traballadoras embarazadas. Por outra banda, considera que é preciso aclarar un sistema de bonificacións e reducións complexo, e abordar outras cuestións que son igualmente urxentes. Entre elas, o obxecto desta relación laboral, cuxa ambigüidade deu lugar á utilización fraudulenta da relación laboral especial para contratar coidados especializados, a intervención de axencias de colocación ou plataformas dixitais, o incremento da indemnización por extinción do contrato, a falta de regulación do traballo nocturno e o traballo como interna, o uso abusivo das horas de presenza ou como establecer unha verdadeira e eficaz vixilancia laboral que evite os abusos.



O sindicato seguirá traballando, a nivel nacional e internacional, para lograr unha equiparación completa para as mulleres traballadoras do fogar, moitas delas de nacionalidade estranxeira. Neste sentido, lembra que o Parlamento Europeo aprobou unha Resolución para o recoñecemento e a profesionalización do sector doméstico na Unión Europea, que incorporaba propostas de Federación de Servizos, Mobilidade e Consumo de UGT a través da Federación Europea de Sindicatos da Alimentación, a Agricultura e o Turismo (EF-FAT), representante das persoas traballadoras domésticas europeas.

UN PASO MÁIS PARA PROTEXER ÁS MULLERES FRONTE AO ACOSO SEXUAL E POR RAZÓN DE XÉNERO

Redacción.- UGT considera que a Lei de garantía integral da liberdade sexual, publicada no BOE, reforza as garantías fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de xénero no ámbito laboral, incluído o acoso dixital e calquera outra forma de abuso perpetrado contra as mulleres polo feito de selo.

A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, supuxo un avance fundamental, pero agora a Lei de garantía integral da liberdade sexual dá un paso máis ao introducir as seguintes novidades:

Das medidas adoptadas nas empresas, poderá beneficiarse o persoal total da empresa calquera que sexa a forma de contratación laboral (persoas con contratos fixos discontinuos, con contratos de duración de-

terminada e con contratos en prácticas, contratos de posta a disposición, bolseiras e persoas que realizan o voluntariado). As empresas promoverán a sensibilización e ofrecerán formación para a protección integral contra as violencias sexuais a todo o persoal ao seu servizo.

As empresas deberán incluír, na valoración de riscos dos diferentes postos ocupados por traballadoras, a violencia sexual entre os riscos laborais concorrente, debendo formar e informar diso ás súas traballadoras.

As empresas que adecúen a súa estrutura e normas de funcionamento ao establecido nesta Lei orgánica serán recoñecidas co distintivo de «Empresas por unha sociedade libre de violencia de xénero».

Por real decreto determinarase o procedemento para a concesión, revisión periódica e retirada do distintivo ao que se refire o apartado anterior, as facultades derivadas da súa obtención e as condicións de difusión institucional das empresas que o obteñan.

A Lei Orgánica inclúe modificacións no ET, o Estatuto Básico do Emprego Público e a Lei Xeral de SS, que estenden dereitos ás mulleres traballadoras vítimas de violencia sexual coa finalidade de garantir a súa protección, destacando a posibilidade de redución de xornada, suspensión do contrato, nulidade do despedimento, mobilidade, permisos, excedencias ou prestación de orfandade para fillos e fillas de mulleres falecidas vítimas de violencia sexual.